

a *Movida* *go*

AXENDA CULTURAL DE VIGO
DE BALDE - XUÑO DE 2022

LÉVAME!
VOU CONTIGO



SON DE NÓS

UN OASIS DE MÚSICA TRADICIONAL



BARBEIRA SEASON FEST



O gran festival de pequeno formato - do 31 de agosto ao 4 de setembro

LEÓN BENAVENTE

?????????
Concerto Vibra Mahou

ZAHARA

CAROLINA DURANTE

BALA

LA HABITACIÓN ROJA

???????

MAIKA MAKOVSKI

CAPICUA

???????

ANABEL LEE

EMILIA PARDO Y BAZÁN

CORA YAKO

MORREO

DIAMANTE NEGRO

ESTRELLA FUGAZ

MINIÑO

TU PELEAS COMO UNA VACA

MARTA MOVIDAS

SR. JINGLES

HABITACIÓN VUDÚ

EME DJ

DJ MODERNO

SEÑORA DJ


5€ DE DESCONTO
NO TEU ABONO UTILIZANDO
O CÓDIGO **AMOVIDA**



Organiza:



Patrocinadores institucionais:




Patrocinadores privados:



Venda de entradas:


SEASONFEST.ES

NAVEGA POLA REVISTA INTERACTIVA




SUMARIO

Cada elemento do sumario leva á súa páxina correspondente.




BOTÓNS

Localizados nos bordos das páxinas, preme os botóns para ampliar a información, comprar entradas, ver contido audiovisual, volver ao sumario...




ZONAS INTERACTIVAS

Navega polas páxinas na procura das zonas interactivas (fotografías, biografías dos colaboradores, páxinas web, iconas de redes sociais, logotipos...).



BARRA SUPERIOR

Sempre vas poder volver ao inicio dun contido de varias páxinas premendo na barra superior.



LIGAZÓNS

Para máis información, preme nas ligazóns dos termos subliñados en vermello.



PÁX. 7
BEGOÑA RIOBÓ



PÁX. 11
**SESIÓN VERMÚ
CON POVARELO**



PÁX. 15
**UN OASIS DE MÚSICA
TRADICIONAL**



PÁX. 23
PARA COMER COS OLLOS



PÁX. 39
**COMODIDADE
NO PARÁISO**

PÁX. 5
EDITORIAL

PÁX. 6
OLLO AO DATO

PÁX. 13
**VIGO, CIDADE DE COR:
ELISA CAPDEVILA**

PÁX. 17
APRENDENDO A DAR A NOTA

PÁX. 19
**A QUE NON PODES DICIR
COCA-COLA? -II-**

PÁX. 20
UN CONTEADOR CREATIVO

PÁX. 21
LOCAIS RECOMENDADOS

PÁX. 25
BASTÓN QUE TOCA O CEO

PÁX. 27
MÚSICA AO VIVO

PÁX. 29
OUTRAS MOVIDAS

PÁX. 31
**A VIDA É UN COMPÁS
DE SEIS POR OITO**

PÁX. 33
DELEITE LITERARIO

PÁX. 34
A MOVIDIÑA + AXENDA

PÁX. 38
DESDE O REFUXIO

PÁX. 40
AS TÚAS MOVIDAS

Se queres recibir a revista na casa, subscríbete na web: amovida.gal/subscripcion-revista

Revista **A Movid**a | Volume 5 (4), maio de 2022

Edición: Tamara Novoa | **Redacción:** Paula Cermeño, Manuel Forcadela, Tensi Gesteira, Estela Gómez, Ernesto Is, Antía Monteagudo, Lourdes Tomé, Pablo Vázquez Varela | **Fotografía:** Felipe Carnotto, Paula Cermeño, Pablo Vázquez | **Deseño e maquetaxe:** Rubén González | **Deseño web:** Beatriz Barros | **Mercadotecnia:** Tatiana Rodríguez e Lourdes Tomé | **Revisión de textos:** Uxío Couto

Edita: A Movid Cultural S.L.

Impreso por Imprenta Feito S.L. | Depósito legal: VG 741-2018 | Exemplar gratuito. Prohibida a súa venda

[f](https://www.facebook.com/amovidavigo) [@amovidavigo](https://www.instagram.com/amovidavigo) [@amovidavigo](https://www.tiktok.com/@amovidavigo) | amovida.gal

A Movid non se responsabiliza das opinións expresadas nos contidos desta revista, nin de calquera mudanza nos eventos que nas sucesivas páxinas se anuncian.



A primeira vez que algúns puidemos ver as **Tanxugueiras** foi no Festival de la Luz de 2017, en Boimorto. Actuaron de día nun escenario pequeno entre pacas de herba seca. Un grupo non demasiado numeroso de persoas escoitaba con curiosidade aquelas tres mozas que, pandeireta en man, reivindicaban a música tradicional. O pasado mes de abril puidémolas volver ver nun ateigado Auditorio Mar de Vigo. Se ben é certo que a agrupación foi medrando de xeito exponencial nos últimos anos, todas as miradas se pousaron sobre elas ao pasaren polo Benidorm Fest, en febreiro. Moitos son os factores que contribuíron ao fenómeno social das Tanxugueiras, pero o éxito que acadaron puxo de manifesto moitas cousas. A primeira delas é que a lingua non ten fronteiras, e xente de Madrid, Santander ou Valladolid pode bailar a ritmo de muñeira. Outras agrupacións como **Leilía**, **Malvela** ou **Tanxedoras** abriron vieiros para a música máis racial, pero é inusitado o fito das Tanxugueiras poñendo sobre as táboas os cánticos de todas esas mulleres que durante décadas levan animando calquera xuntanza sen ningún tipo de remuneración nin acreditación. Demóstrase que cando os medios prestan atención, unha música a *priori* minoritaria pódese converter en *mainstream*. Como contrapunto para renegados, este verán o auditorio de Castrelos hase encher de xente atraída polos cantos de serea da música tradicional, volvendo demostrar que a nosa é

**TERRA SEN
FRONTEIRAS.**



OLLO AO DATO



O ÚLTIMO BARCO FOI O DERRADEIRO.

Un día despois da celebración do Día das Letras Galegas largou amarras o escritor **Domingo Villar**, unha das voces máis sobranceiras da nosa literatura actual. O inspector Leo Caldas queda orfo, pero o pai queda connosco nas súas verbas.

A ASOCIACIÓN CULTURAL VIGESA

Galicia Fiddle trae ao músico estadounidense **Mike Block** ás terras galegas. O sábado 4 imparte un curso para instrumentos de corda na Casa dos Músicos de Xustás (Ponte Caldelas). Na xornada do domingo 5, o prestixioso músico dirixe un obradoiro instrumental para os pequerrechos, seguido dunha sesión vermú.

EFEMÉRIDE

España 82 botou a andar en Galicia. A primeira fase do Mundial de Fútbol de 1982 arrancou en Vigo o 14 de xuño no Estadio Balaídos cun encontro entre Italia e Polonia.



MOUCHOS, CURUXAS, SAPOS E BRUXAS!

O xoves 23 non hai escusa para non saír pola noite a probar as sardiñas e saltar as cacharelas, pois o día de San Xoán é festivo. Botemos unha fecha en memoria de **Mariano Marcos Abalo**, vigués de adopción e autor do conxuro da queimada, que nos deixou o pasado mes de febreiro.

CON ORGULLO,

festexamos todos os días a diversidade sexual, pero o martes 28 máis que nunca como resposta aos ataques que a comunidade LGTB vén recibindo.

Begoña Riobó

«GALICIA NON SE PODE LIMITAR A GAITAS E PANDEIRETAS»

TEXTO: TAMARA NOVOA FOTOS: PABLO VÁZQUEZ

ESTE ANO, A PRIMEIRA ORQUESTRA FOLK de Galicia **SonDeSeu** festexa o vixésimo aniversario. **Begoña Riobó** (Vigo, 1978), está na formación desde o inicio, e agora encárgase da sección de violín. Leva toda a vida dedicada a demostrar que con ese instrumento tamén se pode tocar música tradicional e, ademais dos seus propios proxectos, participou nas agrupacións doutros músicos como **Carlos Núñez** ou **Susana Seivane**. Recíbenos na aula de arpa da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (ETRAD); o son das zanfonas ensaiando nunha aula contigua acompañanos durante toda a conversa.

Ao pensarmos en música tradicional galega, véñennos á mente gaitas e pandeiretas; pero é raro que pensemos nun violín.

Hai certos instrumentos que actúan como bandeira, e a gaita é ese instrumento. Logo está o mundo da pandeireta, que está

vencellado a outro xeito de facer música. Pero si que se tocaba o violín en Galicia; temos a figura dos cegos que para gañar a vida tocaban música para o baile, como muiñeiras e xotas co violín. Ao final, a música tradicional faise co instrumento que se ten. As pandeireteiras, por exemplo, tocaban calquera cousa; como non todas tiñan unha pandeireta, empregaban latas, tixolas... Se eu toco un instrumento que non é a gaita e quero tocar música tradicional, podo facelo porque eu son a chave; se eu son galega e teño esa linguaxe, pódoa transmitir con calquera instrumento.

E como te puxeches a tocar o violín?

Empecei bastante tarde: aos 15 anos. A esa idade, meterme no conservatorio era inviable, entón asistín a clases particulares con **Natalia Soltan** que acababa de chegar de Letonia. Penso que tiveron sorte, probablemente no conservatorio non me deixarían tocar outros tipos de música, mentres que á miña mestra iso dáballo igual. Desde pequena estiven vencellada á música tradicional, así que entrei de xeito natural; cando empecei a tocar un instrumento, quixen tocar esa música.



**«Vigo debería
presumir
da ETRAD»**





No ano 2000 empezas a dedicarte profesionalmente á música. Como foi ese salto?

Miña irmá estaba estudando gaita no conservatorio, baixo a docencia de **Carlos Núñez**; ela comentoulle que eu facía por tocar co violín os temas que ela practicaba coa gaita. Penso que el sentiu curiosidade, porque non era algo habitual, entón coñecémonos. Viume co violín e despois chamoume para tocar nuns concertos na Coruña. Ao final, por diversas carambolas, acabei tocando con el varios anos.

Sendo unha das fundadoras de SonDeSeu, poderasnos contar como xurdiu a orquestra...

Eu estaba aquí, na ETRAD, estudando violín con **Alfonso Franco** e nunha práctica orquestral xurdiu a idea de xuntar as diferentes aulas e fixéronse uns arranxos para ver o que podía saír de aí. O proceso creativo foi moi bonito, no ano 2000 fixemos a audición de fin de curso e ese foi o primeiro simulacro do que foi a orquestra, e a resposta do público foi alucinante. Para nós era algo novo, pero tamén para o público. Deuse unha conxugación astral: había tal enerxía que tivemos claro que había que seguir adiante..

Que continuidade lle vedes á orquestra?

Se hai xente que quere estar no grupo e hai enerxía, hai que aproveitar iso. Hai moi poucas cousas parecidas a esta orquestra; en España non hai algo similar, e en Europa hai moi poucas e naceron inspiradas nesta. Penso que a agrupación ten que seguir para que a xente se decate do poder da música tradicional, que non ten límites; esta orquestra fai que baile xente por todo o mundo.

Estudaches na ETRAD, onde agora es mestra, pero esta escola continúa a pasar bastante desapercibida en Vigo...

Esta escola é un sitio moi especial. Para nosoutros é moi importante que a xente se decate de que a música é algo inherente a nós; é como saber falar ou escribir, todos somos seres musicais. Temos moitísimos alumnos que, ao remataren, se inician noutra especialidade. Aquí créase un ambiente moi bonito e solidario, non competitivo. Non hai moitas escolas promovidas

por concellos ou con cartos públicos coma esta, e penso que a cidade podería presumir disto, porque ademais funciona e á xente préstalle moito estar aquí.

Dás por rematado o proxecto que mantiveches entre os anos 2013 e 2017, Riobó?

O grupo **Riobó** naceu coa intención de buscar un xeito de tocar co violín que se recoñecese como galego. Comezar un grupo no quea pedra angular fose o violín. Fixemos dous discos, eu estou moi orgullosa do traballo feito, pero non podíamos seguir o quinteto que formabamos o grupo e pensei que era mellor deixalo aí. Neste momento teño un dúo, **Pärbo**, con **Anxo Pintos**. É un novo mundo porque os dous tocamos instrumentos melódicos, eu quero experimentar todas as posibilidades que podo ter tocando o violín.

Estás na organización do San Simón Fiddle Camp, da asociación Galicia Fiddle. En que consiste ese campamento?

A idea foi de Alfonso Franco, que viu que era necesario traer instrumentistas de corda doutras partes para que os músicos de aquí visen que había outros xeitos de tocar. Creouse o campamento na illa de San Simón





para darlles unha oportunidade a eses nenos que querían deixar de tocar. No campamento os rapaces entenden a música desde outra perspectiva. É un orgullo velos medrar e agardo que sexa un lugar de sementeira por moitos anos.

Como ves o panorama actual, no que xorden voces anovadoras da música tradicional?

Hai un movemento claro de recuperación da música vocal e penso que é xusto, porque podemos dicir que o sesenta ou o setenta por cento do repertorio galego é música cantada por mulleres. O que pouco a pouco está comezando a sacar a cabeza son o resto dos instrumentos, porque ao final Galicia non se pode limitar a gaitas e pandeiretas. No caso do violín hai casos interesantes, como o de **Antía Caamaño**, do



dúo **Caamaño&Ameixeiras**; outra rapaza que está facendo cousas moi chulas é **María Jorge**, co trío **Caldo**; tamén está aí **Cibrán Seixo**. Son tres persoas que están facendo cousas moi diferentes co violín. Irán saíndo outros instrumentos, pero agora é o momento da música vocal e ten que tirar para adiante, porque hai moita música por sacar.

Tanxugueiras son as grandes representantes da posta en valor da música das pandeireteiras, non?

O fenómeno das **Tanxugueiras** vai alén da música, porque ademais ten unha valía moi importante para a lingua. Eu teño sobriñas que non só non falan en galego, senón que mesmo lles custa entendela; iso é un problema bastante grave, pero é que no seu ocio non está presente a nosa lingua. As Tanxugueiras convertéronse nun referente para a xente nova, porque mostra unhas rapazas modernas que molan moito. É interesante que precisamente sexan mulleres as que lle devolvan a dignidade a esta música e que soen en todo festival canto haxa.

Pero temos exemplos como Los Hermanos Cubero e Rodrigo Cuevas noutras partes de España, o que pasa en Galicia non é un caso illado, non?

Cando son honestas, as cousas funcionan. O único atranco é que se teñen que descubrir, ese é o gran problema dos que facemos músicas minoritarias. España ten un problema cos idiomas diferentes ao castelán: á xente encántalle vir aquí a comer polbo ou ir a Valencia a comer paella, pero é que se aquí non houbese unha cultura propia, igual estabamos facendo paellas. Por sorte, empeza a haber persoas que entenden que o idioma non ten por que ser un impedimento. O problema é que nós non temos cabida nas radios nin nas televisións estatais. Hai espazos contados nos que poidamos mostrar a nosa música.



SESIÓN VERMÚ CON POVARELO

TEXTO E FOTOS: PAULA CERMEÑO

Algunha vez pensamos que o vermú sería unha moda breve para despois encariñarnos con esa copíña doce e saborosa que nos empurra a quedar coas amizades ao sol sen hora de retirada. Moda ou non, hai bodegas que levan décadas elaborando este licor co mesmo agarimo que o mellor tinto. É o caso de **POVARELO**, un vermú elaborado no Carballiño a partir dunha base vínica feita cunha coitada selección de viños galegos, seguindo a receita da familia Paniagua desde 1940. O segredo de Povarelo está na calidade do viño, descartando as opcións da colleita que non dean a calidade esixida, ademais de na paciencia. Os viños gárdanse en barricas de carballo durante 14 semanas e os botánicos macéranse por separado para lograr un equilibrio e un corpo perfecto na mestura. Atopamos notas de asente, canela, regalicia e sabugueiro no vermú roxo e azar, loureiro, eucalipto balsámico e cardamomo para aromatizar o vermú branco. Unha vez aderezado, o líquido repousa novamente entre 100 días no caso do branco e 150 o vermello. Non é complicado atopar un Povarelo, pois a marca fai moitas accións a pé de rúa colaborando sempre cos hostaleiros. Hai varios locais en Vigo nos que degustar dun grollo desta bebida, cada espazo cunha proposta diferente.

Se preferimos catar o sabor de Povarelo na casa ou facer un regalo, na web dispoñemos de estoxos para quedar con bo sabor de boca.

povarelo.com

f Povarelo | @povarelo

LA QUESERÍA

Rúa de Teófilo Llorente, 12



Ángeles, a dona, proponnos unha maridaxe cunha sorprendente tetilla con chourizo, un pouco de queixo azul, ou un macerado en romeu e pementa negra que contrastan co punto doce da bebida.

LAS BARRICAS

Camiño Fontela, 130



Pablo, que colleu os mandos do local en 2011, suxírenos acompañar o vermú roxo con produtos do mar, como unha tapa de luras ou unha torrada de polbo con tetilla e vinagreta de tomate.

LOS 3 MONOS

Avenida de Samil, 43



É unha das aperturas máis sonadas nas últimas semanas; un local polivalente no que se pode des- de tomar un vermú ata quedar a cear.



VIGO · 2022

DIGITALISM DJ SET + MWËSLEE · HENS
TABURETE · LADILLA RUSA · XISCO FEIJOÓ
A BANDA DA LOBA · ÁNGEL STANICH
SOLEÁ MORENTE · BERTO + FAMILIA CAAMAGNO
LA ZOWI · LILA DOWNS + SÉS
ORTIGA + GRANDE AMORE · ANNI B SWEET
SALVADOR SOBRAL + ABE RÁBADE
DELAFÉ Y LAS FLORES AZULES
DANI · CARLA LOURDES · MARIASOA
LAW · FILLAS DE CASSANDRA
MÁIS ARTISTAS POR CONFIRMAR



O MURAL SITUA-SE NA TRAVESIA DE VIGO, Á ALTURA DO NÚMERO 85.



JUAN TEIXEIRA

Fotógrafo documental
e xestor cultural

VIGO, CIDADE DE COR: Elisa Capdevila

ELISA CAPDEVILA é unha moza catalá e a responsable desta fermosísima obra dunha muller aleitando un neno de berce. A obra

destaca tanto pola gran calidade técnica como pola sensibilidade e a forza expresiva.

Pero tamén se falou moito deste mural por un pequeno detalle anatómico. En verbas da autora: «Esta imaxe foi descartada noutro proxecto de arte urbana debido a que se vía o peito da muller. Así están as cousas aínda, e por iso me alegro de que sexa unha fachada tan grande a que ocupa esta imaxe».

Pois si, en pleno século XXI aínda hai quen se molesta por ver unha nai dando o peito. Xente que non se indigna porque haxa nais e fillos a morrer de fame que se ven na obriga de botarse ao mar na busca dunha vida digna; pero resulta que molesta un acto fermoso e natural. Para curar tales eivas, nada mellor que unha terapia de choque a grande escala.

FESTIVAL ARVI[®]
DO PEIXE 2022



7-10 JULIO

JARDINES DE ELOUAYEN
(ZONA NAÚTICA)



SESIONES GASTRONÓMICAS
WORKSHOPS SHOWCOOKINGS

4 DÍAS

MÁS DE
20 ACTUACIONES MUSICALES

**14 PUESTOS
DE COCINA DE AUTOR**

ACTIVIDADES PARA
TODA LA FAMILIA

VIAJA POR
LOS SABORES
DEL MAR
DE GALICIA

ORGANIZA



PATROCINA



COOPERATIVA DE ARMADORES
DE PESCA DEL PUERTO DE VIGO

Un oasis de música tradicional

TEXTO E FOTOS: PABLO VÁZQUEZ

A ESTAS ALTURAS a ninguén lle pasa desapercibido o fenómeno das **Tanxugueiras**: dúcias de concertos, grandes recintos a rachar, presenza continua en medios de comunicación diversos... Un éxito folclórico só comparable ao acadado por **Carlos Núñez** hai 25 anos co debut discográfico *A irmandade das estrelas*. **Baiuca, Boyanka Kostova, Laura LaMontagne & Pico Amperio, Néboa, Sheila Patricia...** O rexurdir da música popular que estamos a vivir da man de artistas novos non debe facernos esquecer as salientables carreiras de agrupacións máis tradicionais, como é o caso de **SonDeSeu** ou **Treixadura**, que están a celebrar os seus respectivos aniversarios vixésimo e trixésimo.

SonDeSeu é unha orquestra *folk* nacida ao abeiro do extinto Conservatorio de Música Tradicional da Universidade Popular de Vigo, desde o 2008 nomeada Escola Municipal de Vigo de Música Folk e Tradicional (ETRAD). Todo isto non tería acontecido, ou polo menos non da mesma maneira, sen **Rodrigo Romaní**, figura fundamental da nosa música, membro fundador de **Milladoiro** e actual director da ETRAD. «O obxectivo dunha escola municipal de música non é preparar a xente para o mundo profesional, senón garantir o acceso á práctica da música ao longo da vida para todos os cidadáns», explica o artista

multiinstrumental, que ademais defende os beneficios desta práctica para a saúde mental. Por outra banda, o artista bota en falta outros espazos nos que se ensine, desde un punto de vista tradicional, instrumentos como *buzukis*, frautas, guitarras acústicas, violíns... «Na escola non debería existir o nivel avanzado, iso debería estar noutro sitio, pero mentres o ensino oficial non se





preocupe por isto, seguirémolo ofertando», razoa o mestre, engadindo que «o primordial é a participación, non aprender a tocar un instrumento ou preparar profesionais».

Con esta filosofía fai camiño desde 1996 unha entidade irmá, tan especial como a Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO), coa que comparte edificio, preciosa obra de **Michel Pacewicz**. O centro propón a partir do mes de outubro tres niveis formativos segundo as inquiredanzas do alumno: o básico, para se iniciar; o medio, para se perfeccionar; e o avanzado, para se profesionalizar. A escola conta con dez especialidades instrumentais: acordeón diatónico, arpa céltica, canto popular, corda pulsada, gaita, percusión tradicional, requinta, violín, zanfona e, para os rapaces menores de 8 anos, aulas de música e movemento. A oferta educativa continúa coas «aulas abertas», formacións grupais das diferentes especialidades; os monográficos e cursos de

curta duración para ampliar coñecementos; e o curso de especialización escénica, co que preparar ao longo do ano un concerto no que se encargan dos arranxos, dirixir os ensaios e presentar o resultado final no Auditorio Municipal.

Paseando polas aulas, podemos ver artistas salientables do panorama do *folk* impartindo clase: **Xisco Feijoo**, **Alfonso Franco**, **Anxo Pintos**, **Begoña Riobó** ou **Xaquín Xesteira**. Nun pequeno salón de actos, as alumnas **Sara Bonner** e **Miki Watanabe**, inglesa e xaponesa, ensaian para o seu propio concerto de fin de curso de zanfona. Malia a desatención constante en que viven sometidas tanto a EMAO como ETRAD, que provoca que só saian nos medios a causa de polémicas, neste edificio do século XIX respírase un aire diferente, coma doutro tempo. Un oasis popular que semella permanecer alleo á voraz globalización e ao brillo cegador das luces que agroman ao redor.



APRENDEDO A DAR A NOTA

CENTRO DE ENSEÑANZA MUSICAL ALLEGRO


Allegro leva desde 1992 formando a decenas de músicos. En 2017, da man de **Pili Román, Adrián Rivas e Cibrán Rey**, a escola cambia de dirección para centrarse na música moderna e nas experiencias grupais en directo. Segundo este último, «intentamos adaptar as clases en virtude de cada alumno». Entre o profesorado atopamos membros de bandas tan variadas como **Broken Peach, Cról, Moon Cresta** ou **The Soul Jacket**. «Ás veces invitamos os alumnos aos concertos, para que vexan como se fai a montaxe, a proba de son...», comenta Cibrán. Ademais das clases individuais de baixo, batería, guitarra, piano ou canto, Allegro ofrece o modelo *combo*, onde se potencia o ensaio e a composición en conxunto. O martes 14, alumnos e profesores programan no Teatro Salesianos un concerto de fin de curso con **The Mirror** como banda convidada.



Rúa do Ecuador, 17 | 986 22 86 65 / 603 44 60 26
enseñanzamusicalallegro.com | @allegro.musica

INSTITUTO GALEGO DE MÚSICA AVANZADA

O Instituto Galego de Música Avanzada (IGMA) é a primeira academia do país especializada na formación profesional de produción musical e *disc jockey*, dúas disciplinas que cada vez son máis relevantes e recoñecidas no eido musical actual. A partir de outubro o centro oferta formación superior, cursos presenciais e telemáticos en diversos campos: DJ profesional, iniciación ao DJ, produción musical e produción de música urbana son os que agora mesmo aínda teñen prazas dispoñibles. A escola está situada ao abeiro dos Estudios Metrópolis, un espazo amplo e moderno. A través da metodoloxía personalizada desta escola podemos coñecer todas as claves para crear e producir diferentes estilos de música, ademais da maxia de mesturar música en directo diante dun público con ganas de festa.



Rúa de Llorente, 29 | 661 38 21 29 | igma.es
 @igma_vigo





CONSERVATORIO MAYEUSIS

Con 35 anos de historia, Mayeuis é o único conservatorio de España no que se pode entrar desde o berce para cursar todos os estudos ata o grao superior. Dentro deste último, existen especialidades como *jazz* ou interpretación de piano clásico-contemporáneo, entre outras. Desde hai un tempo, a escola colabora co recoñecido pedagogo **Joan Chamorro**, director da **Sant Andreu Jazz Band**, e peza fundamental na posta en marcha da **Imagine Jazz Orchestra**, unha *big band* xuvenil que vén pisando forte. A oferta de servizos é moi ampla: conservatorio infantil, elemental, profesional, superior, escola libre e agrupacións musicais. Isto sen contar a área de danza, onde rapaces a partir dos 4 anos aprenden baile moderno, *ballet* ou claqué, ao tempo que desenvolven a motricidade e o sentido rítmico. A filosofía do centro é «adaptarse e acompañar ao alumnado ao longo da formación».



Rúa do Areal, 118 | 986 22 63 78 | mayeuis.com
 @mayeuis_

8 · 9 · 10
XULLO 2022

PARQUE FORESTAL
SAN MIGUEL DE OIA
VIGO



The Wild

MÚSICA / OCR / CINEMA
FESTIVAL NA NATUREZA

VENRES 8

WÖYZA & THE GALICIAN MESSENGERS · BOYANKA KOSTOVA · MÚSCULO!
DJ IVÁN ALONSO

SÁBADO 9

CORIZONAS · AURORA & THE BETRAYERS · MOONSHINE WAGON · APHONNIC
WONDERCOVERS · A RODA · PETER PUNK E BRAIS DAS HORTAS
DJ STEVEN ROD · DJ CRISS GLOSS

DOMINGO 10

BLUES DO PAÍS E O SINDICATO DA VERBENA
CÉ ORQUESTRA PANTASMA

WWW.THEWILDFEST.COM

ZONA INFANTIL
ARTESANÍA
ZONA GASTRO





ERNESTO IS

Escritor

A que non podes dicir Coca-Cola? (II), *AveLina Pérez*

«A persoa que está sentada ao teu carón na cafetería na que almorzas pan integral con aceite de oliva virxe extra pode levar unha arma. E se é domingo e levas roupa de domingo, ou se é martes e levas roupa de domingo, vas quedar feita un cisco; emporcada do teu sangue e da túa inocencia. É mellor non saír de casa. En todos os lugares anda o

perigo». **AveLina Pérez**, unha das dramaturgas imprescindibles do teatro galego contemporáneo, volve presentar *A que non podes dicir Coca-Cola?*, once anos despois da súa estrea, nunha sorte de diálogo entre o traballo de 2011 e o de 2022 e onde volven estar presentes temáticas como a confrontación e a aceptación da violencia imperante, as diferentes formas de alienación na sociedade e a arte como refuxio e espazo de resistencia. Ela dirixe, escribe e protagoniza este monólogo no que **Ramón Raíndo** encárgase do deseño e da composición musical e **Daniel Casquero** da iluminación. *A que non podes dicir Coca-Cola? (II)* é, en palabras da autora, «unha loita inútil e precisa, unha repetición de incertezas, un querer e non poder», pero tamén é a confirmación do pulso dramático e escénico dunha das mellores creadoras que temos nos escenarios de Galicia. A cita é a primeiros de mes no Teatro Ensalle, sala de especial relevancia na carreira artística e profesional de AveLina Pérez e no tecido cultural desta nosa cidade.



Data e hora: xoves 2, venres 3, sábado 4 e domingo 5; ás 20:00 h.

Lugar: Teatro Ensalle (rúa de Chile, 15).



Foto: Manuel Fernández

UN CONTEADOR CREATIVO

Fronte ao que queda en pé da fachada do Teatro Circo Tamberlick, vemos un escaparate cuns patíños de goma pintados nel. Un código QR lévanos á fascinante historia dun cargueiro que en 1992, na metade do océano Pacífico, perdeu varios contedores. Un deles ía repleto de xoguetes de plástico, especialmente deses parrulos. Co paso do tempo, estes animais inertes foron aparecendo nas costas de Alaska e en diversos lugares do Atlántico, o que axudou a comprender as dinámicas das superficies oceánicas.



Esta anécdota marítima (científica e divertida) é a carta de presentación de **LA CONTENEDORA**, un espazo polivalente que nos próximos meses albergará cafetería, cursos, exposicións e mercado de roupa e artesanía. Os rexentes son dous vellos coñecidos do barrio: **Leticia Rodríguez** e **Saúl Seoane**, creadores en 2019 do proxecto Alga, ata ao momento situado na rúa da Ronda de Don Bosco. Agora, este espazo de formación, tanto académica para rapaces como artística para adultos, múdase ao primeiro andar do devandito contedor creativo, situado onde hai un lustro anos resistía o mítico nome de Establecimientos Álvarez.

Amplio e luminoso, o local ten unha distribución moi orixinal que os novos donos están a adaptar e arranxar por si mesmos. O resultado está a ser, como mínimo, sorprendente.

E que é La Contenedora? Pois un conxunto de propostas artísticas, comerciais, culturais, formativas e hostaleiras co que buscan darlle unha nova vida a esta rúa transversal á do Príncipe, que está a rexurdir co nacemento de novos establecementos, a pesar do golpe que supuxo apertura do centro comercial Vialia hai uns meses. Na galería inicial desaparece un dos cristais para dar paso a unha barra de bar, para servir produtos ecolóxicos, veganos e, en palabras de Seoane, «diferentes aos habituais». Un *take away* ideal para repoñer folgos ou sentar nas escaleiras do Tamberlick a gozar do bo tempo. Unha vez dentro, nunha sala diáfana con paredes de contedor industrial, temos a tenda; unha *concept store* centrada na produción de artistas locais (artesanía, ilustración, literatura...) e tamén material de importación, especialmente do sector téxtil. Ao fondo, unha galería de arte, fresca e aberta, onde pendurar con orgullo as pezas dos nosos creadores. Subindo unhas bonitas escaleiras rosas atopamos un segundo escaparate, dedicado a mostras permanentes de ilustración e a algunha que outra *performance*. Por último, Alga mantén a oferta de sempre, pero nun espazo máis grande, o que lles permite ampliar en cantidade e variedade os cursos e o alumnado, sobre todo a partir de setembro.

Enderezo postal:

Rúa de Eduardo Iglesias, 11

Teléfonos:

886 30 83 19 / 633 26 37 87

Enderezo electrónico:

hola@lacontenedora.es

[@lacontenedora.vigo](https://www.instagram.com/lacontenedora.vigo)



LOCAIS RECOMENDADOS





- 1 **A MORADA /OUTRO CONTO** Enrique Mañas, 6
- 2 **A TAPA DO BARRIL** López Mora, 63 e Porta do Sol, 4
- 3 **ALBATROS** Peirao de Transatlánticos, s/n
- 4 **ALTA FIDELIDAD** Praza da Constitución, 12
- 5 **AREPAS DA RÍA** Martín Echegaray, 22
- 6 **ÁRTIKA** Beiramar, 113
- 7 **BARUTA** García Barbón, 37
- 8 **DOPPLER, SALA** Martín Códax, 21
- 9 **EL MONO VINTAGE BAR** Velázquez Moreno, 37
- 10 **EL TRIGAL, PANADERÍA**
Alexandre Bóveda, 1 e A Sede do Celta: Príncipe, 44
- 11 **FLAMINGOS VINTAGE KILO** Doutor Cadaval, 21
- 12 **ÍCARO, PUB** Pintor Colmeiro, 3
- 13 **LA TITA RIVERA** Praza de Compostela, 17
- 14 **LE MARCHÉ DE RACHEL** Marqués de Valadares, 22
- 15 **LIBROURO** Eduardo Iglesias, 12
- 16 **MÁIS PALÁ** Manuel Núñez, 18
- 17 **MERCADO DE TEIS** Toural de Abaixo, s/n
- 18 **MOLOTOV** Santiago de Vigo, 1
- 19 **NIKIS GALICIA STYLE**
Praza da Pedra, 5 e Porta do Sol, 8
- 20 **NÓS - CERVEXERÍA** Palma, 3 e Fisterra, 1
- 21 **PRIMAVERA, BAR** Ronda de Don Bosco, 17
- 22 **RATALOKA TATTOO** Camelias, 22
- 23 **ROUGE** Pontevedra, 4
- 24 **SALA KOMINSKY** Irmandiños, 3
- 25 **SARA GARCÍA PELUQART** Couto Piñeiro, 2
- 26 **SAVIA YOGA** Bolivia, 20
- 27 **SR. NILSSON** Triunfo, 2
- 28 **TEATRO ENSALLE** Chile, 15
- 29 **THE MONK PUB** Uruguai, 28
- 30 **VITRUVIA** Praza de Compostela, 5
- 31 **VITTER, BAR DE COCKTAILS** Afonso XIII, 32
- 32 **WOODTOWN** Camelias, 20

- CAFÉS**
- ESPECTÁCULOS**
- COMERCIO**
- FORMACIÓN**
- CONCERTOS**
- GASTRO**
- COPAS**

TAXI VIGO 986 47 00 00 647 47 00 47

PARA MÁIS INFO SOBRE OS LOCAIS VISITA
AMOVIDA.GAL/LOCAIS-RECOMENDADOS



PARA COMER COS OLLOS

TEXTO E FOTOS: PAULA CERMEÑO

Un clásico do bo tempo é descubrir boas terrazas. Velaquí traemos tres propostas irresistibles que unen a arte da boa cociña con panorámicas espectaculares. Para deleitar a vista e o gusto dunha sentada.

ALBATROS, PAXARO DE BO AGOIRO

Comer e beber algo respirando a brisa mariña sempre presta, e este é o atractivo principal de Albatros, un lugar versátil, situado no primeiro piso da Estación Marítima, e pegado ao mar con vistas á ría, desde as Cíes ata Rande. Como non se vai a un restaurante só polas vistas, igual de interesante é saber que neste local a cociña está á altura. Aquí



Estación Marítima (peirao de Transatlánticos, s/n)
f Albatros Terraza&bar | @albatrosvigo

dispoñemos dunha carta fixa e un menú executivo que cambia cada semana. En ambos os dous casos atopamos pratos elaborados con materia prima fresca, do mercado, e elaboracións que conxugan diversas cociñas internacionais coa mellor tradición galega. Mexillóns en escabeche, *brioche* con cacheira e salsa de chile fermentado, taco con raxo e guacamole, arroz de peixe sapo e zamburiñas ou hamburguesa de vaca vella son algúns dos manxares que se preparan aquí ao mediodía. Xa pola tarde, o servizo céntrase en ofrecer bebidas e petiscos ata a medianoite. «Queremos ser un local versátil, onde atopar desde restauración tradicional ata un lugar agradable no que tomar unhas tapas ou uns cócteis despois do traballo», explica **Laura**, unha das tres persoas socias de Albatros.

LA CANTINA DEL LICEO, CON VENTO MAREIRO

Apartado da zona vella de Bouzas e rodeado de mar atopamos un bar de decoración agradable e moderna e varias terrazas nas que se organizan concertos semanalmente coa chegada do estío. Destacan na carta as hamburguesas con materia prima galega e os espetos, un dos seus selos distintivos. Atopámoslos de picaña, porco con mazá, polbo e lagostinos ou vexetais, e podemos degustar estes bocados na compañía dunha boa ensalada. Outro dos produtos que máis se consomen son os cócteis, perfectos compañeiros para unha sobremesa ou unha sesión de *tardeo* co solpor mareiro como pano de fondo. **Rebeca** e mais o seu socio **Roi** ofrecen os diferentes espazos desta cantina mariñeira para celebracións. Tanto a zona acristalada coma o salón do piso superior, ademais da terraza ao pé do mar, pódense reservar para eventos aos que se lles pode






Rúa de Eduardo Cabello, 8 | 689 95 08 51
 f La Cantina del Liceo | @lacantinaliceo

engadir unha sesión de DJ ou a actuación dunha banda local, ademais dun menú personalizado. Coa mesma premisa, dispónse dunha terraza ampla, dunha cociña rápida e dun ambiente distendido. Os responsables abren este mes un novo local nas inmediacións de Balaídos que cumprirá non perder de vista.

O FANECO, DO MAR AO MONTE

Ubaldo levaba un tempo atrás deste privilexiado local situado no monte veciñal en mancomún de Beade, a poucos metros do miradoiro panorámico do que fai gala o Parque Forestal da parroquia das cereixas. Tras varios meses de traballo para modernizar as instalacións, o venres 10 abre as portas O Faneco, mantendo o nome que o fixo famoso no Berbés, dando pé a un asador que conta cun amplo salón interior e tres terrazas nas que degustar un aperitivo na inmersión da foresta, podendo alugar un destes espazos para eventos privados. A oferta gastronómica é tan sinxela como apetecible:

o punto forte da carta son as preparacións á grella, da que saen pratos de churrasco, costeleta e entrecosto de tenreira galega, así como peixes e verduras. «Temos instalada unha grella con tres espazos diferenciados, para que a carne non sexa a única protagonista», explica este coñecido hostaleiro. De entrante, tapas tradicionais para compartir; como tortilla, pementos ou luras. Ademais O Faneco planea abrir as portas ben cedo, para disfrutar de sesións vermú que decote estarán aderezadas con música ao vivo.



Parque Forestal de Beade
 f O Faneco Casco Vello | @ofaneco



QUERES MÁIS?
 NA CATEGORÍA GASTRO DA SECCIÓN DE LOCAIS
 RECOMENDADOS DE AMOVIDA.GAL TES MÁIS
 INFORMACIÓN E OUTRAS PROPOSTAS SOBRE
 ESTA CIDADE QUE PAGA A PENA DEGUSTAR.





ESTELA GÓMEZ

Correctora literaria
e redactora de contidos

BASTÓN QUE TOCA O CEO

A deseñadora e artesá **Mónica Bastón** decidiu deixalo todo para dedicarse en corpo e alma ao que naceu como un pasatempo. Tras estudar Publicidade e Relacións Públicas na Univerdidade de Vigo, Deseño Gráfico Publicitario na EASD Pablo Picasso e Deseño de Moda en Esdemga, atopouse co mundo da cerámica de casualidade e xa non o puido abandonar. Grazas á súa mestra de cerámica, **Emilia Guimeráns**, descubriu que o que realmente a enchía non era o mundo da publicidade, senón a vía de escape que a artesanía lle proporcionaba.



Armándose de afouteza, decidiu emprender conxugando as súas paixóns: o deseño e a olería, creando así a marca de bixería cerámica **LEÓNLAGATA**. A idea primoxenia do proxecto xestouse no cuarto onde Mónica se encerraba para debuxar, ler ou escoitar música e desconectar así do día a día. Nese mesmo espazo empezou a crear pezas de xoiería por puro pracer, e foi León, a gata que tiña daquela, a que a acompañou durante todo o proceso, polo que esta marca de colgantes e pendentes de cerámica leva ese nome co que a artista dá pé a unha fusión entre o ser humano e o felino. Entre as creacións de Leónlagata podemos atopar a colección Astro, chea de estrelas, galaxias e luceiros para as terrícolas máis marcianas. As formas sinuosas e as cores pastel fan que as orellas e o pescozo luzan mellor que nunca, tanto a diario como en ocasións especiais. Ademais, nun futuro próximo, Mónica ten pensado botar a andar unha colección de cerámica para o fogar e recuperará algunhas pezas de deseño téxtil para lembrar a andaina polo mundo da moda.

Quen se queira paramentar con xoias que son toda unha festa e pasar a formar parte do cosmos, non ten máis que visitar leonlagata.com. Apostemos pola auténtica paixón, pola artesanía de noso e por pezas de desenvolvemento sostible, atemporais, creadas de xeito consciente e sen as absurdas imposicións da industria da moda. Leónlagata chega a acadar o ceo!

SÍGUENOS EN INSTAGRAM





Desde 1985, cada solsticio de verán, a Unión Europea celebra a festa da música para promover o transvase cultural entre territorios e o intercambio cultural. Na nosa cidade, a fin de semana anterior á devandita data, teñen lugar varios concertos que nacen con esa mesma filosofía.

O multicultural Café de Catro a Catro acolle dous concertos dobres nos que combina a actuación dun músico local cun de alén do Padornelo. Na xornada do venres 17, os protagonistas son a cantautora viguesa **Sara Casas** e o estremeño **Niño Índigo**, que presenta o disco *Meraki*. Ao outro día, soben ao escenario o arxentino de nacemento e vigués de adopción **Tincho Fernán**, e desde Barcelona vén **Albert Casanova** cunha proposta de *pop-rock* combinado con ritmos cubanos e ritmo de bossa nova, deixando en evidencia o sangue dominicano que lle corre polas veas.

O mesmo sábado, pero un chisco máis cedo, **Braava!** súmase as amentados Índigo e Casanova nun concerto a tres bandas no Centro Comercial Camelias. A gran superficie aposta polos eventos culturais para revitalizar a afluencia de xente, e durante todo o mes podémonos achegar ao traballo de diferentes artistas locais que expoñen as creacións nesta área. Ademais, todos os sábados hai música en directo e actividades para os pequerrechos.

Samuel Leví é o encargado de poñer o ramo nesta fin de semana musical cun concerto o domingo pola tarde no Teatro Salesianos. O cantautor vigués celebra en público os seus 40 anos, ademais dos 25 que leva sobre os escenarios, prometendo unha festa con diversos artistas convidados nun repaso á tríade que conforma a discografía desta sorte de Peter Pan.

CAFÉ DE CATRO A CATRO

Rúa de Girona, 16

SARA CASAS + NIÑO ÍNDIGO

VENRES 17 // 22:30 H

5,00 €



TINCHO FERNÁN + ALBERT CASANOVA

sábado 18 // 22:30 h // 8,00 €

C. COMERCIAL CAMELIAS

Praza de América, 1

NIÑO ÍNDIGO + ALBERT CASANOVA

+ BRAAVA!

sábado 18 // 17:00 h // gratis

TEATRO SALESIANOS

Rúa de Venezuela, 3

SAMUEL LEVÍ

DOMINGO 19 // 19:00 H

DESDE 3,00 €





MOLOTOV

Travesía de Santiago de Vigo, 1

GRUPOS EN LOITA

VENRES 3 // 20:30 H

PREZO POR CONFIRMAR



Foto: Sandra Romero

Sete bandas viguesas, **Arson Tides**, **Einconscientes**, **El Puto Show**, **Gracias Por Nada**, **JCA**, **La Cloacka Sound**, **Os Vacalouras** e **West Ride**, únense en concerto para reclamarlle ás autoridades a restitución das salas de ensaio municipais Vigosónico.

ZÁLOMON GRASS

sábado 4 // 22:00 h // prezo por confirmar

JAM DE FOLK

xoves 9 // 22:00 h

- MERCADO "BIEN PENSADO"
- CHILL MAFIA + SHINE GANG
- CON EL VIRTUAL- + YOU CANTHIDE
- OVERDOSE CLUB

sábado 18 // 16:00 h // 22:00 h // 00:30 h // prezo por confirmar

VITRUVIA

Praza de Compostela, 5

OLIVER MARTIN

VENRES 10 // 21:00 H

10,00 €



Este cantautor australiano-español de 23 anos, combina a lírica íntima entre o indie o folk e o pop, aínda que é a maxia da sensibilidade que ten cantando e tocando a guitarra o que vai dereito á audiencia.

GERSON TINEO TRÍO

xoves 16 // 21:00 h // 12,00 €

KIN GARCÍA SEXTETO

venres 24 // 21:00 h // 12,00 €

SALA DOPPLER

Rúa de Martín Códax, 21

FREESIX MAFIA

venres 10 // 21:30 h // 12,00 € (anticipada) 16,00 € (billeteira)

O RABELO

venres 17 // horario por confirmar // 10,00 €

CABARET DE NOVO CIRCO GALEGO E ESPECIAL MESTISSOUND

sábado 18 // 21:00 e 00:30 h // 10,00 € (anticipada) 12,00 € (billeteira)

SALA KOMINSKY

Rúa dos Irmandiños, 3

FRITANGA SESSIONS

xoves 2 // 21:00 h

JAM VOCAL

domingo 5 // gratis

CUELLO

martes 7 // 21:30 h // prezo por confirmar

SESIÓN HALO

xoves 9 // + info por confirmar

RUB-A-DUB

sábado 11 // + info por confirmar

JAM ESCUCHA LECHUZA

domingo 12 // + info por confirmar

FRITANGA SESSIONS

xoves 16 // gratis

JAM DE POESÍA

domingo 26 // + info por confirmar

FOLK E FOLIADA

xoves 30 // + info por confirmar

SALA REBULLÓN

Av. do Rebullón, 23. Tameiga, Mos

FEAR OF MISSING OUT

sábado 11 // 20:30 h // billeteira inversa

NAO -CONCERTO BENÉFICO-

sábado 18 // todo o día // 10,00 €

DARTE + ETRAD

domingo 26 // 13:00 h // gratis

OUTRAS MOVIDAS

DO SÁBADO 4 AO DOMINGO 5 BANDA Á FEIRA O CALVARIO

A Asociación de Veciños do Calvario promove encher de cómic a peonil con obradoiros, charlas, sinaturas de autores e unha exposición. Os personaxes da banda deseñada saen á rúa nun cartel ilustrado polo debuxante Das Pastoras.

- // GRATIS

DO SÁBADO 4 AO DOMINGO 19 CIRCUITO GALEGO DE TEATRO AMADOR SALA ÁRTIKA

A sala de Beiramar é sede dun ciclo de catro espectáculos: *Cásting*, *Hipócrita Teatro* (4); *Soutelo entreprise*, *Tiruleque* (5); *Confinados*, *Tequerreté* (18); e *A pouxada do Tru-Trú* *Desfeita Teatro* (19).

ÁS 20:00 H // DESDE 3,00 €



SÁBADO 11 MIGUEL LAGO TEATRO AFUNDACIÓN

Despois de dez anos na Gran Vía madrileña, o espectáculo *Todo al negro* está de xira por toda a Península. Con parada obrigada na súa cidade, o humorista **Miguel Lago** converte o teatro nun casino polo que desfilan grandes artistas de sona mundial. Xogas á ruleta? Aposta sempre ao negro.

ÁS 21:30 H // DESDE 12,00 €

VENRES 17 LA COARTADA TEATRO AFUNDACIÓN

A actriz **María Castro** volve á súa cidade natal acompañada de **Miguel Hermoso** e **Dani Muriel**. A vixuesa encárnase no papel dunha muller divorciada e atormentada polo pasado, que lle pide axuda ao seu mellor amigo para preparar unha importantísima declaración xudicial á que se ten que enfrontar.

ÁS 20:30 H // DESDE 15,30 €



Foto: Sergio Palma



VENRES 17
PAT METHENY
AUDITORIO MAR DE VIGO

O Ciclo Xacobeo Importa trae ao músico de Missouri 24 anos despois da última actuación na nosa cidade. O virtuoso do *jazz* presenta un novo traballo, *Side-Eye*, arroupado no escenario por **Joe Dyson** e **James Francies**.

ÁS 21:30 H // DESDE 36,00 €



SÁBADO 18
ÁNGEL STANICH
AUDITORIO MAR DE VIGO

O ermitán do pop volve á terraza do Mar de Vigo para presentar o seu último traballo, *Polvo de Battiato*. Antes, sobre o mesmo escenario, podemos gozar dos paisanos **Xisco Feijóo** (venres 3) e **A banda da loba** (sábado 4).

ÁS 21:00 H // 27,50 €



Foto: Biza-Sanz Photography



DOMINGO 26
MARISA MONTE
TEATRO AFUNDACIÓN

Primeira actuación en Galicia dunha das figuras clave da música brasileira actual. Máis de 15 millóns de discos vendidos en todo o mundo e catro premios Grammy Latinos avalan esta artista que o ano pasado publicou *Portas*, primeiro á volta dun receso de dez anos.

ÁS 21:30 H // DESDE 20,70 €



Foto: Leo Alerosa



TERESA SANTAMARIA

Cantaruxeira

A VIDA É UN COMPÁS DE SEIS POR OITO

Todos nacemos a ritmo de muíneira, sentindo un corazón que nos abala nun mar materno. Levámolo dentro, está metido no ADN da conciencia e vainos acompañar ata o momento da morte, onde outro son poderoso collerá a remuda: o silencio.

Cando falamos da música tradicional, falamos das entrañas de Galicia. Coma un neno que atopa un tesouro no fondo dun paquete cheo de papeis e o protexe para que ninguén llo quite, nós gardamos ese tesouro cheo

de corcheas, semicorcheas, fusas, semifusas, brancas, negras, redondas... Foi vilipendiado e desprezado, pasando por momentos delicados nos que quedou relegado a algo tan insignificante como exótico, nunha época escura onde calquera cousa que ulise a galego era considerado «de aldea».

Foi nas décadas dos oitenta e dos noventa do século pasado cando a mocidade se

preocupou por facer visible todo este legado, buscando informantes por vilas e aldeas para aprender, e despois transmitir do xeito máis fiel posible, aquelas coplas e aqueles bailes. Vigo goza de grupos que son referentes en todo o país por eses traballos de recollidas e hoxe son moitas as escolas que imparten clases de música tradicional en todas as variantes posibles: canto, gaita, pandeireta, percusión... Nomes como os da ETRAD, A Buxaina, O Fiadeiro, ou Traspés, entre outros, son exemplos para moita xente que empeza e quere coñecer a nosa música, que quere coñecerse e recoñecerse en cousas tan delicadas coma un alalá, tan raciais coma unha muíneira, tan acompañadas coma unha xota, tan tenras coma un canto de berce.

Canto queda por facer aínda! Canto por tocar, por cantar, por bailar... Canto por normalizar unha cultura maltratada. Eu, que estou orgullosa de ser pandeireteira,

seguirei aportando humildemente o que sei, porque é o que me identifica. Coma min, todas e todos os músicos do país, no que cremos e ao que amamos e faremolo, como dicía **Celso Emilio Ferreiro** no poema *Deitado fronte ao mar*,

«porque me gusta, porque me peta e quero e dame a gaña porque me sai de dentro».

E como non sería unha boa pandeireteira sen dar a despedida, velaí a vai:

«Vouvos dar a despedida
a todos en general(e),
que o meu corazón non pode
con ningún quedar mal(e)».



Foto: Asociación Cultural Traspés

PARA VIAXAR
LONXE NON HAI
MELLOR NAVE
QUE UN LIBRO
(Emily Dickinson)




ACUDE Á FEIRA DO LIBRO DE VIGO

Do 1 ao 7 de xullo, rúa do Príncipe

A cultura
que nos une

 XUNTA
DE GALICIA


 Federación
Librarías
de Galicia

 Xacobeo 21-22



TENSI GESTEIRA

Xornalista e crítica literaria



NON ESQUECER A LINGUA PROPIA

Que pensariamos se un día nos erguemos pola mañá e esquecemos quen somos? E se xa non sabemos falar nin expresar o que sentimos? **Miguel Ángel Alonso Diz** constrúe sobre o terreo da memoria unha fábula moi fermosa que reflexiona sobre a lingua galega que ano tras ano perde falantes. O libro contén unhas fermosas ilustracións de **Xosé Tomás**, e o autor homenaxea nestas páxinas grandes nomes das nosas letras, como **Xela Arias**, **Rosalía de Castro**, **Antonio García Teijeiro** ou **Bernardino Graña**.


→ **Título:** *O país da choiva* **Autor:** Miguel Ángel Alonso Diz **Ilustrador:** Xosé Tomás
Editorial: Antela **Extensión:** 80 páxinas



DELGADO GURRIARÁN, UNHA POESÍA DE ACTUALIDADE

O Día das Letras Galegas deste ano foi dedicado a **Florencio Delgado Gurriarán**, home que viviu a maior parte súa vida no exilio, aínda que escribiu moito sobre a nosa terra, as tradicións galegas sobre a lingua propia e o proceso de castelanización. **Xosé Ramón Pena** edita a través de Xerais un volume con toda a obra poética do autor valdeorrés, que inclúe *Bebedeira* (1934), *Galicia infinda* (1963), *Cantarenas* (1981) e *O soño do guieiro* (1986), así como un monllo de textos aparecidos en publicacións periódicas, nos que atopamos a un home comprometido co seu tempo, co seu pobo e coas súa xente.

→ **Título:** *Obra poética* **Autor:** Florencio Delgado Gurriarán **Editor:** Xosé Ramón Pena
Editorial: Xerais **Extensión:** 448 páxinas



O FEMINISMO DUNHA AUTORA INESQUECIBLE

Katherine Anne Porter publicou no 1939 unha obra que emocionou moitísimo lectorado, *Cabalo baio, xinete pálido*, da que agora podemos gozar na nosa lingua grazas á tradución de **Celia Recarey** para Irmás Cartoné. O libro, que recolle tres novelas breves, foi moi aclamado pola capacidade de conexión que ten con amplos sectores da poboación, sobre todo porque aborda temáticas consideradas universais, como a soidade, a falta de esperanza ou o medo á morte. Lendo estas historias descubrimos a unha novelista aguda, capaz de entender o seu tempo e de chegar a nós case coa mesma actualidade.

→ **Título:** *Cabalo baio, xinete pálido* **Autora:** Katherine Anne Porter **Tradutora:** Celia Recarey Rendo **Editorial:** Irmás Cartoné **Extensión:** 260 páxinas

a Movidia

«O xenio componse dun dous por cento de talento e un noventa e oito por cento de perseverante aplicación».
Ludwig van Beethoven



LOURDES TOMÉ

Educadora infantil



MATRIZ MUSICAL

Cando falamos de desenvolvemento na infancia, podemos diferenciar unha etapa que se coñece como *período sensible*, que abrangue desde os 18 meses ata os 6 anos de idade, tempo en que a capacidade de absorción de información é maior. «Son como esponxas», dicimos. Outra frase que escoitamos acotío é a de «educar o oído». E isto a que se refire? Pois aos beneficios e ás vantaxes que nos achegan os sons e mais as notas.

Na escola **MUNDO SONORO** tense moi en conta todo isto, considerando a música como a mellor ferramenta para aprender. De feito, se o pensamos ben, utilízanse melodías pedagóxicas para calquera tipo de aprendizaxe: recordemos todas as cancións das clases de inglés ou as entoacións para aprender a táboa de multiplicar. Son múltiples os beneficios que esta rama da arte nos achega. O desenvolvemento da creatividade e a imaxinación e mais a mellora na capacidade de memoria e concentración reforzan a confianza... Mesmo mellora o estado de ánimo e a saúde. Hai estudos que confirman o efecto

positivo que ten a música xa desde o embarazo. Conclúese que dentro do ventre materno os meniños son capaces de relaxarse ou alterarse dependendo se a melodía é mais suave ou mais forte. Disque que desde os tres meses de vida os neonatos poden identificar as melodías que escoitaron.

Neste centro emprazado na parroquia de Navia, os sons e o movemento son primordiais para un crecemento apropiado e considérase a etapa escolar como o mellor momento para iniciarse, xa que é cando os cativos se encontran mais estimulados para aprender conceptos, pois aínda están por desenvolver todo o potencial que teñen e son máis dúctiles á hora de aprender. O período de matriculación en Mundo Sonoro está aberto, ofrecendo unha clase gratuíta quen queira probar. A música é unha aliada da crianza.

886 13 60 63 | mundosonoro.gal
mundoson@gmail.com | [@mundosonoro](https://www.instagram.com/mundosonoro)



axenda

FESTA DE PIXAMAS PARA PELUCHES

Convite para que o público infantil deixe os bonecos de peluche na biblioteca á mercé dunha festa de pixamas durante unha fin de semana enteira. Os xoguetes poderán gozar da literatura, e desfilan pola biblioteca e de durmir nun espazo alleo ao seu lar. Á volta da fin de semana, a rapazada pode pasar a recoller as peluches para descubrir o ben que o pasaron nun plan diferente.



Data e hora: venres 3 // Lugar: Biblioteca Pública Xosé Neira Vilas // Idade recomendada: público infantil.

A HORA DOS CONTOS: MIGALLAS TEATRO

Proxecto no que diferentes artistas visitan a biblioteca con maletas cargadas de historias co fin de fomentar entre o público máis pequeno a querenza pola literatura. Desta volta contamos cos contos de Migallas Teatro.



Data e hora: venres 3, ás 18:00 // Lugar: Biblioteca Pública Xosé Neira Vilas // Prezo: gratis // Idade recomendada: público infantil // Inscripción: chamando ao teléfono 986 26 77 59.



CHIQUIJAMMING

Sesión familiar activa, dinámica, divertida e educativa na compañía da compañía Jamming. A partir das preguntas e das suxestións dos pequerrechos, os artistas constrúen diferentes improvisacións teatrais con táboas e sobre as táboas.



Data e hora: sábado 4, ás 17:00 // Lugar: Auditorio Municipal de Vigo // Prezo: 10,00 €.

SORRISOS PARA UCRÁINA

Festival solidario a prol da infancia de Ucraína a través de UNICEF. Afundación, en colaboración co pallaso Popín e a Fundación Mayeysis. Beatriz Serén presenta unha tarde co humor de Arantxa Treus, Carlos Veleiro, Gossip Bufón, Juanjo Cura, Sergio Pazos, a animación de Ronny Macarroni e de Troula, a maxia Marco e Rey Midas, o baile de Unidance ou música das ucraínas Marta Bachek, Iryna Morozova e Mariam Nasaridze.



Data e hora: domingo 5, ás 12:00 // Lugar: Teatro Afundación // Prezo: 8,00 € (menores de 14 anos), 10,00€ (xeral) // Idade recomendada: todos os públicos.





FESTIVAL ATLÁNTICA MIÚDA

Cantacontos, de Pablo Díaz. Sesión de contos coa música como fío condutor, onde a fantasía, a lingua e a ilusión son as protagonistas.



Data e hora: xoves 16, ás 18:00 // Lugar: Biblioteca Pública Juan Compañel // Prezo: gratis // Idade recomendada: a partir dos 4 anos // Duración: 45 minutos // Inscripción: chamando aos teléfono 886 12 04 40 e 886 12 04 45.

Contos cantados e cantos contados, que chegan de América da man de Carolina Rueda.



Data e hora: sábado 18, ás 12:00 // Lugar: Biblioteca Pública Juan Compañel // Prezo: gratis // Idade recomendada: 0 a 3 anos // Duración: 30 minutos // Inscripción: chamando aos teléfono 886 12 04 40 e 886 12 04 45.

SAN XOÁN: A SARDIÑA PINGA O PAN

O San Xoán é unha festa asociada ao lume, pero tamén con outros elementos, como a auga, coas herbas e, como non, coa gastronomía. A celebración dos ritos propios destas datas lévase a cabo a través dunha actividade de recoñecemento de plantas e outros elementos propios desta festa tradicional.



Data e hora: xoves 23, a partir das 10:00 // Lugar: Museo Liste // Prezo: 1,00 € // Idade recomendada: todos os públicos // Duración: 60 minutos.



INGLÉS DE BASE

Desde que nacemos, especialmente durante os primeiros anos de vida, actívanse unha morea de procesos cerebrais que fan que logremos habilidades complexas, como a de aprender a lingua materna, de xeito case espontáneo. Isto dáse grazas á exposición constante á fala e á sucesión de cinco pasos evolutivos: escoitar, comprender, falar, ler e escribir. Os mesmos pasos que se seguen en **KIDS&US**, un centro de referencia que aproveita ese proceso natural de adquisición da lingua para a aprendizaxe do inglés.

Se o pensamos ben, os pequerrechos pasan de comunicarse chorando a comunicarse con palabras e frases formadas en só dous ou tres anos. Non parece increíble? Por iso é importante aproveitar os primeiros anos, cando están máis receptivos para integrar outro idioma case sen se decatara.



A través do xogo, na compañía de personaxes da súa idade, o alumnado aprende a falar en inglés con fluidez. Os dous centros que esta escola ten en Vigo están en proceso de matriculación. Ademais, escaneando o código QR podemos participar no sorteo de experiencias e produtos grazas a esta escola.

Rúa de Xirona, 8 / rúa de Urzáiz, 108
986 95 16 98 / 699 88 83 82 / 628 17 89 92
vigo.independencia@kidsandus.es
vigo.urzaiz@kidsandus.es

TRES MULLERES E UN PLAN

Hai uns anos que Carla Muñoz, especializada en literatura infantil, botou a andar en solitario cun plan de seu. Axiña se lle sumou Loreto Pertíñez, achegando unha compoñente de educación emocional e psicoloxía infantil. Neste percorrido, Flavia Barrio, con formación en educación ambiental, chegou para poñer o ramo e completar a tríade. Unidas pola paixón pola infancia e a natureza, formaron unha cooperativa co soño de mudar unha casa vella nun espazo de aprendizaxe vivencial para cativos. A idea parecía unha loucura, pero hoxe é unha realidade: o vindeiro 4 de xullo inaugúrase un novo espazo educativo baixo o nome de **DONDE VIVEN LOS CUENTOS.**



Esta verán acollerán campamentos, festas de aniversario, obradoiros en familia e outros eventos. Será a partir de setembro cando abran as portas como centro de aprendizaxe para un alumnado de idades comprendidas entre os 3 e os 5 anos polas mañás e ata os 9 anos en horario de tarde, podendo escoller o tempo e o horario que cada familia prefira. Un lugar onde a conexión coa natureza se trata de ti a ti.

Rúa da Tarela, 2B-B (Nigrán) | 637 91 48 34
info@dondevivenlos cuentos.es
dondevivenlos cuentos.es | @dondevivencuentos

NON PERDAS NADA DO QUE ACONTECE EN VIGO.

QUERES ESTAR AO DÍA DOS ACONTECEMENTOS QUE CHE INTERESAN EN VIGO?
SUBSCRÍBETE AO NOSO BOLETÍN DE WHATSAPP, PERSONALIZADO E GRATUÍTO!



SELECCIONA O TIPO
DE **EVENTOS** QUE PREFIRAS
E **RECIBE INFORMACIÓN**
DO TEU INTERESE.

NINGUÉN VAI TER ACCESO
AO TEU NÚMERO DE TELÉFONO,
NON TE ENGADIREMOS
A NINGÚN GRUPO.

VAS RECIBIR UN MÁXIMO
DE **TRES MENSAXES** AO DÍA.

DE BALDE!

INFÓRMATE EN AMOVIDA.GAL

a **Movida** 
WHATSAPP

644 372 923



O TEMPLO DAS NUBES




Son moitos os proxenitores vigueses que lembran con nostalgia o centro La Flauta Mágica, que fomentou un clima moi enriquecedor formando unha tribo. Agora, Silvia e Miriam, con gran parte do equipo anterior, preséntannos un proxecto novo: **NUBES BLANCAS**, un centro de estimulación infantil e prenatal que nace da necesidade de seguir ofrecéndolles ás familias diferentes actividades para desfrutar cos pequerrechos.

Este espazo conta con instalacións totalmente renovadas e cunha piscina duns 40 m², deseñada especialmente para a primeira infancia e para embarazadas, tratada con sal e cunha temperatura adecuada a partir dos

catro meses de vida. Actividades acuáticas, actividades físicas durante o embarazo e o posparto, educación motriz e sensorial, educación musical, iniciación ao piano, inglés, masaxe para bebés ou matemáticas manipulativas son algunhas das actividades que forman parte da oferta deste pequeno templo.

A matrícula para o próximo curso xa está aberta e as actividades, os horarios e o formulario para inscribirse están dispoñibles na web.

Rúa do Uruguai, 12 | 604 03 88 38
nubesblancas.es | info@nubesblancas.es
 [nubesblancasvigo](https://www.instagram.com/nubesblancasvigo)


DESDE O REFUXIO




IRENE GARRIDO PATÓN

Experta en redes sociais

Este can pasou toda a vida pechado nun pendello, apenas sen coidado e con moi pouco contacto con ninguén. Coa xente é cariñoso e encantador, pero a relación que ten con outros cans é complicada, pois nunca aprendeu a relacionarse con eles. Necesitamos atoparlle unha familia axiña para que poida sentir que o queiran.



NEY

Protectora de Animais do Morrazo
 697 52 33 85 | info@protectoramorrazo.com
 [protemorrazo](https://www.facebook.com/protemorrazo)

COMODIDADE NO PARAÍSO

Coller un barco rumbo a algunha das illas tan fermosas que temos ao redor é unha moi boa opción para a temporada estival. Á volta do o cabo Home enfilamos o arquipélago de Ons, un espazo onde o verde da vexetación, o azul do mar e o branco da area se funden nun lugar único. Despois dunha xornada de sendeirismo, de praia ou de exquisita gastronomía, nada presta máis que volver ao campamento para descansar. Nada mellor para isto que o **CAMPING ISLA DE ONS**, o primeiro cámping autosostible de Galicia.



Cunhas instalacións modernas e coidadas, o descanso está asegurado xa sexa levando a tenda propia ou optando pola comodidade do *glamping*, do que o establecemento é un dos pioneiros. Esta opción conta con tendas de lona con prazas para entre dúas e cinco persoas, todas cun colchón no canto da típica combinación de esteira e saco de durmir. A zona de acampada conta con multitude de servizos para facer máis sinxela a estancia: cafetería, camiños accesibles, duchas con auga quente, electricidade, lavandería, parque infantil, ultramarinos... A localización privilexiada permite que en dez minutos a pé poidamos chegar ao faro, á area dos Cans ou

ao centro da vila, onde degustar un delicioso polbo, tanto en caldeirada como á feira, entre outros produtos do mar: ameixas, navallas, robaliza, zamburiñas... Desde este lugar tamén podemos coller algunha das rutas de sendeirismo que atravesan a illa: a do norte, que nos leva ata a praia de Melide, ou a do sur, que pasa por lugares con nomes tan singulares como o Miradoiro de Fedorentos ou o Buraco do Inferno. Se preferimos descansar ao sol, temos praias dabondo para escoller: Canexol, Cans, Dornas, Melide ou Pereiro, todas son boas opcións.

O bo facer da empresa serviu para que o cámping acadase numerosos recoñecementos nos últimos anos: premio especial de sostibilidade en Arquitectura e Rehabilitación de Galicia, distintivo Compromiso de calidade turística, adhesión ao proxecto Galicia Destino Familiar, certificación como *partner* de Europarc (Carta Europea de Turismo Sostible), selo «Q» de calidade turística ou selo «S» de sostibilidade. Visita o paraíso ao son de Ons.



986 43 35 30 | campingisladeons.com
campingons@vioviajes.com | @campingisladeons

NINA SIMONE



EMMA ROMERO

@emeiema_art

Universida de Vigo

Participa! Envía a túa obra (fotografía, ilustración, poema, relato, viñeta etc.) a revista@amovida.gal

Consulta as bases en amovida.gal/as-tuas-movidas



Rede de Museos Municipais

CASA DAS ARTES

Colección Luis Torras. Planta segunda.

Arquivo Pacheco: consulta de imaxes dixitalizadas.
Planta baixa.

Fundación Laxeiro. Planta terceira.

Mostra da Colección Permanente.

Laxeiro descoñecido I. Obras inéditas da primeira época.

Até o 5 de xuño

CASA GALEGA DA CULTURA

Museo Francisco Fernández del Riego.

Exposición temporal: Florencio Delgado Gurriarán. Mostra de fondos bibliográficos e documentais da Fundación Penzol.

Promove: Fundación Penzol. No vestíbulo de acceso dende Praza da Princesa. Até o 26 de xuño.

Exposición temporal: Caderno gráfico. Exploracións con técnicas gráficas no deseño textil.

Promove: Universidade de Vigo. A partir do 30 de xuño.

VERBUM. Exposición permanente.

MUSEO MUNICIPAL "QUIÑONES DE LEÓN"

Colección Arqueolóxica.

Recreación do pazo galego e colección de pintura antiga e artes decorativas.

PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO"

Exposición permanente: A nova colección Colmeiro

Planta terceira.

Francisco Fernández del Riego. Nos vieiros da arte galega.

Plantas baixa, primeira e segunda. Até o 7 de xaneiro de 2023.

MARCO-MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

IDIOIA MONTÓN. As sete xanelas. Salas do 1º andar.

Até o 4 de setembro.

ALFREDO ALCAIN. Salas do 1º andar. Até o 17 de xullo.

FRANCISCO LEIRO. O antropomórfico. Salas da planta baixa.

Até o 16 de outubro.

Área de DIDÁCTICA.

Programación para escolares (de martes a xoves), público infantil (sábados), obradoiros adultos (venres), asociacións e grupos con necesidades específicas (venres).

MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO

Exposicións:

Permanente

Temporais: Do paíño ao millo; Ancestros tecnolóxicos; Proxecto Cabodano. IIª Andaina (obra de María X. Fernández na Sala "A arte de curar")

Virtual: Buxalnas e asubíos, en <https://museoliste.org/blog/>

Actividades para grupos (previa solicitude):

Actividades cíclicas: San Xooan. A sardiña pinga o pan.
Xoves 23.

Actividades especiais: Os sons do traballo (Infantil e 1º ciclo de Primaria); **Mariano Marcos Abalo: A vida debuxada** (Primaria); **En perigo de extinción** (ESO, Bacharelato e adultos); **Senlleiros e os seus sendeiros** (ESO, Bacharelato e adultos); **Enigma** (ESO); **Bruxuleando** (Primaria).

Xornadas para a comunicación: Da intuición ao

desenvolvemento tecnolóxico e a innovación. Poñente:

Enrique Ares Gómez. **Mércores 29, ás 17:00h.** (entrada libre).

Cine, música e máis

VIGO, UN MAR DE BANDAS

Domingos 5, 12, 19 e 26, ás 12:30 h.

Praza da Princesa.

CINE CLUBE LUMIERE

Proxeccións os luns 6, 13, 20 e 27, ás 20:30 h.

Auditorio Municipal do Concello.

ALIANZA FRANCESA DE VIGO

Proxección en VOS os venres 10, ás 20:30 h.

Auditorio Municipal do Concello.

ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211:

DÍA DA MÚSICA

Domingo 19, ás 12:00 h.

Auditorio Municipal do Concello.

ORQUESTRA CLÁSICA DE VIGO:

DÍA EUROPEO DA MÚSICA 2022

Domingo 26, ás 13:00 h.

Barrio Histórico.

